



## REQUISITOS NECESARIOS PARA SER BENEFICIARIO DAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

Ademais dos requisitos xerais previstos no artigo 14 do Decreto 257/2004, de 29 de outubro, os solicitantes destas vivendas deberán cumprir no momento da presentación da presente solicitude os seguintes requisitos:

- 1. Que o solicitante sexa unha persoa con plena capacidade de obrar entre 18 e 35 anos no momento da data da convocatoria.**
2. Ter a súa residencia na localidade onde solicita a vivenda ou desenvolver actividade laboral no concello cunha antigüidade mínima de dous anos respecto da data da convocatoria.

**O cumprimento deste requisito poderá ser acreditado por calquera dos titulares da unidade familiar ou de convivencia.**

No caso de abandono do concello por razóns laborais e cando o retorno a el se producise antes da data da convocatoria, poderán acumularse os períodos de residencia anteriores á súa marcha co obxecto de acreditar a antigüidade mínima de dous anos. Igualmente, serán acumulables, para os efectos de antigüidade, os períodos descontinuos de traballo no concello, sempre que se acredite esta circunstancia no momento da convocatoria, e poderán sumarse os períodos de residencia ou traballo, alternativa e indistintamente, para o cómputo do tempo mínimo de antigüidade esixida.

3. Carecer de vivenda en calidade de propietario, arrendatario, usufructuario ou calquera outro título de dereito que permita o seu uso ou disfrute ou se dea algunha das seguintes circunstancias:
  - a) Habitar unha vivenda suxeita a expediente de expropiación ou desafuzamento xudicial ou administrativo non imputable ao interesado, ou ben ocupar aloxamentos provisionais como consecuencia de operacións de emerxencia ou remodelación que implique a perda da vivenda.
  - b) Habitar unha vivenda a título de arrendatario sempre que a súa renda sexa igual ou superior ao 30% dos ingresos ponderados anuais totais da unidade familiar do solicitante.
  - c) Atoparse en situación de nulidade, separación matrimonial ou divorcio, e ter perdido o uso da vivenda familiar, no prazo de 6 meses inmediatamente anterior á data da convocatoria.
4. Ter ingresos ponderados por unidade familiar entre o 1 e 3,5 veces o IPREM.

**Por motivos de axilidade os interesados en participar no procedemento do sorteo para a adxudicación das vivendas correspondentes unicamente achegarán coa presente solicitude o seu DNI ou NIF, e a cualificación de minusvalía no seu caso, entendéndose aos efectos deste cupo aqueles que o sexan por causa física e que teñan mobilidade reducida de carácter permanente, que lles esixa para o seu desprazamento a utilización de medios mecánicos, e así fosen recoñecidos pola lexislación vixente que lles sexa de aplicación, sen prexuízo que nun momento posterior a Xunta Cualificadora de A Coruña requirirá aos solicitantes incluídos nas listas de adxudicatarios e nas listas de espera a documentación acreditativa de cumprir os requisitos necesarios previstos no apartado anterior.**